

**I.E.S XOSÉ NEIRA VILAS**  
**PERILLO - OLEIROS**

**PROGRAMACIÓN**  
**DO**  
**DEPARTAMENTO DE MÚSICA**  
**CURSO 2.020-21**

Ningunha das facultades humanas é inmune á música. Nada do exercicio destas facultades - que pon en xogo combinándoas de mil xeitos-, creada polo home e dirixida a el, a música é, entre todas as producións humanas, a que permanece máis intimamente ligada á vida.

**M-L BACHMANN**

**PROFESORES DO DEPARTAMENTO**

Jesús Manuel Fernández Llana  
XEFE DO DEPARTAMENTO

# INTRODUCCIÓN

## **1. ALUMNADO.**

O Departamento de Música vaise a ocupar este curso da materia de Música, e complementará con tres horas de Valores Éticos, dado que, como consecuencia das instrucións derivadas da pandemia que estamos a sufrir, non se permite desenvolver a docencia no grupo que escolleu a optativa Historia da Música e a Danza de 2º Bach. A materia de música é impartida a tres grupos de segundo da E.S.O, a razón de dúas horas semanais cada grupo, tres de terceiro da E.S.O., con dúas horas semanais e un de cuarto de E.S.O, con tres horas semanais.

## **Protocolo COVID**

No presente curso 2020-21 a docencia terá que ser adaptada á situación sanitaria, respectando as normas publicadas pola Consellería de Educación e as derivadas da organización do IES por parte do Equipo Directivo.

Afortunadamente, na apresurada distribución de grupos e espazos que a Xefatura de Estudos se veu obrigada a facer no mes de setembro, foi posible deixar a aula de música para uso da docencia da materia e de organización do departamento. O **protocolo de uso** da aula de música forma parte desta programación como **anexo I**.

Doutra banda, da lectura dos informes do curso anterior e da avaliación inicial do alumnado, dérivase a necesidade de retomar a materia non vista ou non asimilada o ano pasado, debido ao confinamento e ao desigual seguimento da actividade lectiva non presencial. Dadas as especiais condicións da materia de música, obrigatoria no 2º e 3º da ESO e optativa en 4º ESO e en bacharelato, considerase necesario desenvolver en 3º ESO los bloques de contidos 4 e 5 do programa de 2º ESO, que acadan contidos que ben quedaron sen desenvolver ou foron desenvolvidos de xeito non presencial, bloques que serán impartidos no primeiro trimestre ao longo dos meses de setembro e outubro. No caso de 4º da ESO, curso no que a materia é optativa e tendo en conta que a cursan este ano 14 alumnos dos máis de 60 que cursaron 3º ESO o ano pasado, non ten demasiado sentido adicar tempo a completar os contidos de 3º que puideran quedar pouco ou mal desenvolvidos, xa que máis do 75% do alumnado que cursou a materia en 3º non a está cursando en 4º; ocorre tamén que o programa de 3º ESO desenvolve principalmente cuestións de historia da música, e non de linguaxe musical, o que fixo posible un mellor desenvolvemento e tratamento nas clases non presenciais, polo que se considera pertinente desenvolver o programa de 4º ESO con normalidade, facendo unicamente alusións aos contidos de terceiro cando se vexa necesario e de xeito puntual.

## **Actuacións en caso de confinamento.**

En caso de un novo confinamento xeral da poboación que puidera acarrear un peche parcial ou total dos centros educativos, o departamento de música seguirá impartindo a materia, segundo o que consta nesta programación, en teledocencia, usando os medios que a administración educativa pon ao servizo do profesorado e alumnado, principalmente as dúas seguintes:

- Elaboración dos curso correspondentes na Aula Virtual, na que serán colgados os materiais a usar, as actividades que correspondan e os métodos de avaliación adaptados á ensinanza non presencial.
- Impartición de clases non presenciais mediante o uso da plataforma WEBEX; o horario para o desenvolvemento destas clases mediante videoconferencia será o mesmo que estamos a cumprir dende o principio de curso, salvo que a xefatura de estudos ordene ou propoña outra cousa.

A maior dificultade no caso de que finalmente nos vexamos obrigados a desenvolver unha parte do curso de xeito non presencial e a imposibilidade de levar a cabo un desenvolvemento dos contidos prácticos da materia, que se apoian principalmente no uso por parte do alumnado dos instrumentos Orff da aula de música e que son imprescindibles para a correcta comprensión dos contidos teóricos. En principio, en caso de confinamento e ensino non presencial, serán desenvolvidos maiormente os contidos teóricos da materia e tratarase de compensar a situación prestándolle máis atención á parte práctica cando os alumnos poidan volver ás clases presenciais.

## 2. PRINCIPIOS XERAIS.

Cada trimestre natural comezará en todos os niveis cunha unidade didáctica estritamente dedicada á Linguaxe Musical e todas as unidades ao longo do curso terán actividades encamiñadas á súa aprendizaxe e afondamento. Aqueles alumnos que xa teñan coñecementos previos poñeranos ao día e aplicaranos de xeito inmediato á práctica musical no aula. Os que non teñan ningún coñecemento comezarán en 2º de ESO na aprendizaxe da leito-escritura musical dun xeito que tratará de equilibrar, no posible, a adquisición dos coñecementos teóricos necesarios e a aplicación práctica dos mesmos.

Intentarase desenvolver sempre a materia dun xeito activo, dende a práctica musical dos alumnos, pero tamén terán gran importancia as audicións de música, tanto gravada como en vivo, cando sexa posible.

Dentro de cada unidade intentarase potenciar ao máximo a **ESCOITA ACTIVA**, que reclama a atención consciente do alumno, como parte fundamental do desenvolvemento das súas capacidades perceptivas, cando o traballo e o ambiente no aula o permitan, usarase tamén a **ESCOITA PASIVA**, posto que consideramos que, por unha banda axuda a lograr na aula un ambiente de traballo e concentración en determinados momentos, e, por outra, "forma" o oído.

O programa trata de recoller os gustos musicais do alumnado, trata de partir deles, pero de ningún xeito se somete a eles. En todo momento tratarase de que os alumnos desenvolvan un espírito crítico que lles permita elixir ceibes (dende o coñecemento) a música que desexan facer, escoitar ou consumir.

A secuencia de contidos está pensada para que determinadas unidades (as dedicadas ao Nadal, ao Entroido e ao verán) se desenvolvan xusto nas clases anteriores a esas datas, entroncando co substrato de músicas máis ou menos populares ligadas a elas.

Ao longo de todo o curso usarase o folclore musical galego. Será sempre un elemento básico na aprendizaxe da linguaxe musical e das habilidades vocais e instrumentais e unha escusa constante para reflexionar, individualmente e en grupo, acerca do estado da nosa música e da nosa cultura.

## 3. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.

Para poder "construír" os seus coñecementos os alumnos teñen que ser parte activa na aula. Se isto é certo en calquera materia o é mais, se cabe, na área de música. A participación activa na execución musical cos instrumentos da aula é fundamental para que os alumnos desenvolvan as súas **capacidades expresivas** e para que aprendan a respectar e valorar o traballo dos seus compañeiros.

As **capacidades perceptivas** cultivaranse coa audición musical e coa participación nas clases. Os alumnos terán que aprender a oír e a valorar a produción musical dos seus compañeiros e, coa mesma importancia, a oír e a valorar a súa propia produción musical. Aprender a oír aos demais é fundamental para poder dar e recibir información. Aprender a ouvirse a un mesmo, capacidade que traballamos directa e

intensamente na materia, parécenos fundamental para elaborar unha autoimaxe axeitada e unha autoestima adecuada.

En cada unidade didáctica e sempre que sexa posible trataremos de incluír actividades referidas aos catro bloques de contidos do D.C.B. (Audición, Interpretación, Creación, Contextos musicais). Os **Temas Transversais** serán incluídos sempre que a ocasión o permita; permanecerán sempre latexantes en todas as actividades que se desenvolvan na aula. Aínda que non serán obxecto de Unidades Didácticas específicas prestaráselles máis atención en determinadas datas do curso.

Posto que a música é unha actividade eminentemente gregaria adoptaremos como principio metodolóxico fundamental o **traballo en grupo**. Os grupos organizáranse nas primeiras sesións e intentarase que sexan estables ao longo de todo o curso (a menos que haxa circunstancias que o desaconsellen). Buscarase sempre un equilibrio entre o traballo individual (o solista), o do pequeno grupo (o grupo de cámara) e o gran grupo (o conxunto coral ou orquestral).

Cultivarase sempre o espírito crítico e intentarase poñer a cada alumno nunha disposición tal que lle permita facerse responsable da súa propia aprendizaxe, tratando de partir sempre do que o alumno xa sabe e dos seus propios intereses vitais.

## EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### OBXECTIVOS XERAIS

*Para todos os niveis aplícase neste curso 2020-21 a lexislación LOMCE, recollida na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bacharelato e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (pax. 26.600 e seguintes)*

O programa desenvólvese en torno a catro bloques temáticos: **Audición, Interpretación, Creación e Contextos musicais**.

A presente programación trata tamén como bloque temático a Leito-escritura musical (que no DCB aparece repartido nos demais bloques) e fai un tratamento transversal dos bloques nas Unidades Didácticas, de xeito que as programacións de aula podan facerse acordo co seguinte esquema,

	Conceptos	Procedementos	Obxectivos	Actitudes	AUDICIÓN	INTERPRETACIÓN	CREACIÓN
LECTO- ESCRITURA MUSICAL							

CONTEXTOS MUSICAIS							
--------------------	--	--	--	--	--	--	--

que permite tratar os diferentes conceptos tanto da linguaxe musical como da historia e da socioloxía da música, dende un punto de vista teórico e dende a práctica a través do análise auditivo, da interpretación cos instrumentos da aula e da creación contextualizada (canalizada a partires da improvisación ou da composición de pequenas pezas individuais ou grupais).

## **OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para

favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **OBXECTIVOS DE ETAPA NA ÁREA DE MÚSICA.**

A ensinanza da música nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- \* Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.
- \* Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.
- \* escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
- \* Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.
- \* Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información -medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.
- \* Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e a aprendizaxe autónoma da música.
- \* Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.

\* Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.

\* Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música pode facer á vida persoal e a da comunidade.

\* Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

## CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS BÁSICAS

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico os que se circunscribe cada obra.

Colabora ao desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal**, mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a **perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima**, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de **habilidades sociais** para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

A música contribúe tamén á **competencia social e cidadá**. A participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

A música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do **tratamento da información e da competencia dixital**. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e

dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co **tratamento da información** aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender**, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Respecto á **competencia en comunicación lingüística**, a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera.

Desde o punto de vista da **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** a música realiza a súa achega á mellora da calidade do ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

A música contribúe á **competencia matemática** poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal.

## SEGUNDO E TERCEIRO DE E.S.O.

### OBXECTIVOS PARA 2º ESO.

1. Ler con corrección partituras sinxelas e saber analizalas nos seus aspectos básicos.
2. Seguir en partitura as audicións musicais.
3. Interpretar obras sinxelas cos instrumentos escolares adecuados, respectando os aspectos dinámicos e agónicos da partitura.
4. Escribir música de xeito correcto e realizar ditados rítmicos e melódicos sinxelos.
5. Realizar audicións activas de obras musicais e analizalas nos seus aspectos básicos, tanto formais como estilísticos.
6. Recoñecer polo seu timbre os diferentes instrumentos musicais, coñecer as súas características



principais e o papel que tiveron no desenvolvemento da Historia da Música.

7. Recoñecer as características formais e estilísticas da música nos distintos momentos da súa historia ata o período barroco, e as dos compositores máis importantes dentro de cada período histórico.
8. Usar unha boa técnica de fonación tanto ao falar como ao cantar.
9. Coñecer e practicar as condutas correctas nos concertos cando formen parte do público e tomar conciencia da importancia que, para o feito musical como arte, ten un público crítico e ben formado.
10. Facer interpretación pública das obras traballadas no grupo, respectando as normas e maneiras de proceder nun escenario.
11. Valorar con criterios obxectivos o nivel artístico dunha interpretación musical.
12. Cultivar en todo momento hábitos posturais e cinéticos correctos e saudables e tomar conciencia da importancia da danza como recurso de expresión persoal e de relación cos demais.

### **OBXECTIVOS PARA 3º ESO.**

1. Manexar a linguaxe musical de forma activa e coa suficiente soltura (lectura musical en clave de sol e en clave de fa en cuarta e ritmos relativamente complexos).
2. Seguir en partitura as audicións musicais e realizar un análise formal básico tanto sobre a audición como sobre a escritura.
3. Utilizar de forma autónoma e creativa os medios audiovisuais e os recursos gráficos para coñecer e gozar da música.
4. Interpretar de forma axeitada as obras propostas na clase, respectando as normas de interpretación musical e participar na interpretación en concerto público das mesmas.
5. Utilizar a terminoloxía musical apropiada para comunicar as propias ideas, intercambiar opinións e explicar os procesos musicais.
6. Recoñecer as características formais e estilísticas da música nos distintos momentos da súa historia, e as dos compositores máis importantes dentro de cada período histórico.
7. Usar a música como elemento de formación persoal e de relación social.
8. Utilizar o movemento expresivo e a danza como medio de comunicación e de autoconhecimento.
9. Participar de forma autónoma en actividades musicais dentro e fóse do centro educativo.
10. Cultivar en todo momento hábitos posturais e cinéticos correctos e saudables e tomar conciencia da importancia da danza e o movemento como recurso de expresión persoal e de relación cos demais.
11. Valorar con criterios obxectivos o nivel artístico dunha interpretación musical e ser capaz de elaborar un xuízo estético crítico en base aos coñecementos adquiridos.

### **CONTIDOS 2º DE ESO**

#### **I. CONCEPTUAIS.**

##### **0. Toma de contacto e avaliación inicial.**

1. **O son e o ruído.** Son, ruído e silencio. Parámetros do son.

##### **2. Leito-escritura musical.**

**2.1 As figuras musicais: notas e silencios.**

**2.2 As claves: lectura das notas en sol e fa en 4ª.**

**2.3 O compás: concepto e significado. Representación gráfica do compás: liñas divisorias, dobre liña e barra final. Uso dos compases: 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 9/8, 12/8**

**2.4 Signos de prolongación e repetición: ligadura, puntillo, calderón.**

**2.5 Signos de repetición: barra de repetición, DC.**

**2.6 Lectura de ritmos sinxelos con combinacións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea.**

**2.7 A dinámica: concepto e significado. Coñecemento dos signos básicos de dinámica: pp, p, mp, mf, f, ff. Os reguladores.**

**2.8 A agónica. Indicacións básicas do tempo. Principais modificacións do tempo. O metrónomo.**

**2.9 Grupos irregulares: o tresillo.**

**2.10 Intervalos básicos (ton e semitón).**

**2.11 Os modos gregorianos. Regulas de construción e uso.**

### **3. Organoloxía.**

3.1 Os instrumentos musicais. Clasificacións. Características principais das distintas familias. Recoñecemento dos instrumentos pola súa imaxe e na audición.

**4. A textura musical .** Coñecemento e recoñecemento na audición das distintas texturas: monódica, heterofónica, homofónica, contrapuntística, monodia acompañada.

### **5 Os contextos musicais na antigüidade.**

**5.1 A música na prehistoria.**

**5.2 A música no mundo grecorromano.** Características. Usos sociais. Instrumentos coñecidos.

### **6. A música na Idade Media.**

**6.1 As Orixes Da Música Occidental.** A monodia relixiosa: orixes e características do canto gregoriano.

**6.2 A monodia profana.** Características e tipoloxía; trobadores, trobeiros e minnesingers; xogares e ministriles.

**6.3 A invención da polifonía.** Formas primitivas e principais centros de produción; Ars antiqua e ars nova.

**6.4 A música instrumental na Idade Media:** fontes iconográficas e literarias e tipoloxía dos instrumentos; recoñecemento visual e auditiva dos instrumentos medievais.

**6.4 A música española na idade media.**

**7. A Música en Galicia.** A Música Popular en Galicia: a tradición oral e os Cancioneiros Musicais. A Música Culta en Galicia. Formacións e Institucións Musicais. A Música Pop. Instrumentos populares galegos.

## **II. PROCEDIMENTAIS.**

1. Lectura vocal e instrumental de partituras sinxelas.
2. Interpretación de pezas vocais ao unísono e a dous e tres voces.
3. Interpretación instrumental individual e en grupo cos instrumentos da aula.
4. Realización de ditados musicais, rítmicos e melódicos.
5. Manexo de información extraída do libro de texto e doutras fontes documentais.

### **III. ACTITUDINAIS.**

1. Participación activa na aula, tanto individualmente como en grupo.
2. Valoración do propio corpo como instrumento de comunicación e de expresión persoal.
3. Respecto ás creacións e ao traballo dos compañeiros.
4. Coidado dos instrumentos, do material audiovisual e do mobiliario da aula.
5. Valoración do silencio e da concentración como marco imprescindible para ouvir ou para facer música.
6. Apreciación do estado dos seus coñecementos e interese en incrementalos a partir dun traballo ben organizado.
7. Respecto aos gustos musicais doutras persoas e ás músicas doutras culturas.
8. Interese no coidado e no bo uso da voz.
- 9 Valoración e aplicación das normas que rexen a concertación musical.

## **CONTIDOS 3º DE ESO**

*Contidos da programación de 2º ESO que se van a desenvolver en 3ºESO no primeiro trimestre do curso  
2020-21*

- *Lectura en clave de Fa en 4ª*
- *Subdivisión de compás; compases simples e compostos.*
- *Ritmos básicos con uso de corcheas e semicorcheas.*
- *Teoría e práctica de compases compostos: 6/8, 9/8, 12/8*
- *Organoloxía: tipos e clasificacións de instrumentos musicais; as agrupacións instrumentais; a voz humana.*
- *Historia da música: a música na Antigüidade e na Idade Media*

### **I CONCEPTUAIS.**

#### **1. Leito-escritura musical. Repaso e ampliación dos contidos de 2º ESO**

- 1.1 Lectura das notas nas claves de sol e fa en 4ª.**
- 1.2 Coñecemento das restantes claves: fa en 3ª e do en 1ª, 2ª, 3ª e 4ª.**
- 1.3 Lectura e execución de ritmos básicos con tódalas figuras ata a semifusa.**

- 1.4 Os compases: estrutura. Partes fortes e débiles.
- 1.5 A subdivisión e as fraccións.
- 1.6 Clasificación dos compases (simples, compostos, amalgama).
- 1.7 Uso práctico dos seguintes compases: 2/4, 3/4, 4/4, 3/8, 6/8, 9/8, 12/8, 2/2, 5/8
- 1.8 Signos agóxicos e dinámicos.
- 1.9 Signos de expresión e articulación.
- 1.10 Grupos excepcionais: dosillos, tresillos, cinquillos, seisillos.
- 1.11 Notas de adorno: apoiatura, mordente, semitrino, trino, grupeto.
- 1.12 Os intervalos: tipoloxía e clasificación. Consonancia e disonancia.
- 1.13 Inversión de intervalos.
- 1.14 A escala diatónica. Significado histórico. Regulas de formación. Tipos.
- 1.15 Uso práctico da escala diatónica maior e menor natural, menor harmónica e menor melódica.
- 1.16 O acorde: concepto e regras de formación.
- 1.17 Inversión de acordes.
- 1.18 Acordes consonantes e acordes disonantes.
- 1.19 Uso práctico dos acordes tríadas e da sétima de dominante.
- 1.20 O concepto de tonalidade. O sistema tonal e o círculo de quintas.

2. **Formas musicais básicas.** Forma binaria simple, ternaria simple, rondó, lied e tema e variacións.

### 3. Os contextos musicais a partir do século XV

**3.1 A música no período renacentista.** A era da polifonía vocal.

**3.1.1 Música Vocal no Renacemento.** Novos estilos compositivos da polifonía do século XV. Organización das voces. A música relixiosa: características, formas e compositores máis importantes. A música vocal profana: características, formas e estilos; compositores máis salientables da música vogal profana.

**3.1.2 Música Instrumental no Renacemento.** Características xerais e contexto histórico. Formas e estilos. Organoloxía: clasificación dos instrumentos; recoñecemento visual e auditiva dos instrumentos renacentistas.

**3.1.3 A música española no renacemento.** Características e autores. A vihuela e o órgano na Península Ibérica. Os cancioneros.

**3.2 O Barroco.** Características xerais e contextualización. Recursos compositivos e novas texturas: monodia acompañada e o recitativo. O baixo continuo e os inicios da harmonía tonal. A lei do contraste e a teoría dos afectos.

**3.2.1 A Música Vocal na Época Barroca.** Principais formas vocais relixiosas: Oratorio, Cantata e Paixón. A ópera barroca: características e tipos. Principais compositores e obras máis importantes.

**3.2.2 A Música Instrumental no Barroco.** Principais formas instrumentais: Concerto, Suite, Sonata e Fuga. Compositores destacados e obras importantes. Organoloxía: instrumentos e grupos instrumentais no Barroco; recoñecemento visual e auditivo.

**3.3 A transición ao clasicismo.** O estilo galante. O estilo sensible na escola de Berlín. A escola de Mannheim: a invención da orquestra.

**3.4 O período clásico.** Contextualización histórica. Características xerais da música clásica.

**3.4.1 A música clásica vocal.** Características da ópera no clasicismo: pera seria e ópera bufa.

**3.4.2 A música instrumental.** Características da música instrumental. A invención das formas clásicas: sonata clásica, sinfonía e cuarteto de corda. O concerto no clasicismo. Organoloxía: perfección e invención de instrumentos no clasicismo. As agrupacións instrumentais.

**3.4.3 Compositores e obras máis salientables do período.**

**3.5 Ludwig van Beethoven: unha ponte entre dous mundos musicais.**

**3.6 A música no século XIX.**

**3.6.1. A música romántica.** Contextualización e características xerais. Romanticismo pleno, Romanticismo tardío e Postromanticismo.

**3.5.1.1 A música vogal romántica.** A ópera e as súas variantes nacionais. As pequenas formas vocais: o lied.

**3.5.1.2 A música instrumental.** Sonata, sinfonía e concerto no romanticismo.

Pequenas formas instrumentais. Organoloxía: o piano romántico; a orquestra romántica: modificación e invención de instrumentos no século XIX. Recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos románticos.

**3.5.1.3 Compositores e obras máis salientables do período.**

**3.6.2 Os nacionalismos musicais.** A música nacionalista: características xerais. A música nacionalista nos distintos países de Europa. O nacionalismo en España.

**3.6.3 A música impresionista. Características e compositores.**

**3.7 A música no século XX.**

**3.7.1 A Música ata 1950.**

**3.7.1.1 O Posromanticismo:** características e compositores.

**3.7.1.2 As vangardas musicais:** invencións e tendencias. Futurismo e expresionismo.

**3.7.1.3 O dodecafonismo.** Características e seguidores.

**3.7.1.4 A reacción neoclásica.**

**3.7.2 A Música Desde 1950 ata os nosos días.** Serialismo integral. Música Concreta. Música

electrónica. Indeterminación. Minimalismo.

### **3.8 O jazz e as músicas comerciais.**

## **4. A Música e os Medios de Comunicación.**

### **II. CONTENIDOS PROCEDIMENTAIS.**

- 1. Interpretación vocal e instrumental de partituras.**
- 2. Audición e análise de obras musicais.**
- 3. Investigación persoal nas fontes da Historia da Música.**
- 4. Lectura e comentario dos documentos propostos polo profesor.**
- 5. Aplicación dos coñecementos adquiridos dentro e fóse do aula.**
- 6. Elaboración de críticas persoais aos concertos programados como actividade extraescolar.**
- 7. Elaboración de traballos en grupo sobre determinados aspectos da Música**

### **III. CONTIDOS ACTITUDINAIS.**

- 1. Respecto ás manifestacións musicais de calquera tipo e valoración crítica das mesmas sobre a base de criterios obxectivos.**
- 2. Respecto ás intervencións públicas e ás opinións dos seus compañeiros.**
- 3. Cumprimento das normas que rexen a concertación musical.**
- 4. Colaboración activa e respectuosa co grupo.**
- 5. Interese por realizar un traballo ben organizado.**
- 6. Coidado dos instrumentos e do material audiovisual e mobiliario do aula.**

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA A ETAPA**

1. Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical a que pertencen distintas pezas escoitadas con anterioridade na aula. Con este criterio preténdese comprobar en que medida o alumnado é capaz de situar axeitadamente unha obra musical no contexto que lle é propio.
2. Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos que configuran unha obra musical.
3. Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas

manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de valorar positivamente e con respecto distintas manifestacións musicais, facéndoo co rigor e con criterios de profundidade, indo máis aló dunha simple opinión non sustentada no coñecemento.

4. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical. Con este recurso trátase de avaliar a disposición de apertura e a capacidade de acción do alumnado á hora de utilizar as tecnoloxías do coñecemento no eido musical.
5. Coñecer como se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento. Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme as normas que emanan da disciplina musical e do respecto polo quefacer dos demais.
6. Elaborar axeitadamente un pequeno arranxo musical. Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da creación.
7. Ler axeitadamente as grafías musicais con que se escribe unha obra musical. Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento das grafías básicas que lle permitan ao alumnado a lectura axeitada dunha peza musical.

## **Aplicación dos criterios de avaliación:**

Realizarase unha avaliación inicial xeral ao principio do curso, tanto con contidos teóricos como prácticos, para ver o nivel de coñecementos dos alumnos. Tamén será conveniente avaliar o nivel de coñecementos específicos ao principio de cada Unidade Didáctica, para poder partir do estado real de coñecemento dos alumnos.

As **ferramentas de avaliación** serán:

1. Observación directa do traballo de cada alumno nas clases.
2. Corrección de cadernos de traballo persoal (deberes).
3. Corrección de traballos encomendados, individuais ou de grupo.
4. Exame escrito dos contidos teóricos desenvolvidos (un por cada unidade didáctica ou, polo menos, dous exames por avaliación)
5. Exame práctico das pezas que se interpretan na aula.

Darase gran importancia á **avaliación formativa**, nun desexo de adiantarse aos posibles problemas.

## **Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva.**

Para obter unha avaliación positiva os alumnos deberán asistir a clase de xeito regular e participar activamente nas actividades prácticas propostas. Os alumnos serán examinados exclusivamente dos contidos desenvolvidos nas programacións de aula.

### **Sistema de avaliación:**

A nota de cada avaliación será calculada tomando en conta as notas dos traballos, os resultados dos exames e a avaliación da parte práctica. A nota resultante será o resultado de sumar a media das notas dos traballos máis a media das notas dos exames máis a media das notas da parte práctica e dividir entre tres. Cada parte, traballos-exames-práctica, queda ponderada así como 1/3 da cualificación do alumno.

Cada falta sen xustificar restará 0,25 puntos na nota obtida en cada avaliación polo método anterior.

A nota da avaliación extraordinaria de setembro será a media entre a nota dos traballos que se pediran cara ao verán (a petición será individualizada dependendo dos bloques que cada alumno teña suspensos) e a nota do exame de setembro. Non se realizará exame práctico en setembro.

Para aqueles alumnos que non alcancen os obxectivos didácticos que se programen en cada Unidade, confeccionaranse, no seu momento, actividades de reforzo adaptadas a cada caso concreto.

Confeccionaranse actividades encamiñadas á propia autoavaliación dos alumnos, e intentarase que estes avalíen tamén a marcha da materia e a adecuación deste programa.

Os alumnos coa materia pendente terán unha atención continuada ao longo do curso e un programa de recuperación. Terán dereito a unha proba extraordinaria a celebrar no mes de maio, pero poderán ser eximidos de facela se do programa de recuperación resulta unha avaliación positiva.

### **Para alcanzar unha cualificación positiva na materia mesmo son requisitos imprescindibles:**

- que os alumnos aporten o material que o profesor demande en cada momento (libro de texto, libro de exercicios, caderno de música, instrumentos escolares persoais dos alumnos, etc)
- que os alumnos participen de xeito activo nas actividades que se desenvolvan no aula, seguindo en todo momento as indicacións do profesor.
- que os alumnos asistan regularmente á materia; dado o carácter práctico da materia non se considerará avaliación positiva se o alumno acumula un 10% de faltas sen xustificar; no caso de faltas xustificadas o profesor correspondente marcará actividades encamiñadas a avaliación positiva do alumno, como poden ser facer prácticas instrumentais ou vogais nos recreos ou en horas non lectivas.

### **LIBROS DE TEXTO:**

2º ESO: libros e material dixital do programa EDIXGAL.

3º ESO: MÚSICA II.

Alicia Rodríguez Blanco.

Editorial EDITEX, Madrid 2019

ISBN 9788491618294



## OUTROS MATERIAIS A EMPREGAR.

Caderno de traballo elaborado polo departamento.

Material bibliográfico e audiovisual da aula de música.

# CUARTO DA E.S.O.

## OBXETIVOS XERAIS.

1. Manexar con suficiente soltura a linguaxe musical, tanto no que se refire a interpretación instrumental e vocal como á análise de exemplos musicais.
2. Utilizar unha linguaxe adecuada ao tratamento científico da disciplina, nos seus aspectos técnicos, teóricos e históricos.
3. Usar de forma autónoma diversas fontes de información musical, incluídas as que se refiren ás novas tecnoloxías telemáticas.
4. Enfrontarse con espírito crítico á complexa situación musical do século XXI e servirse da música como dun elemento imprescindible no seu desenvolvemento persoal, sexa cal for a orientación profesional que cada unha elixa.
5. Analizar con rigor as obras musicais que forman parte do noso patrimonio cultural, relacionándoas co momento histórico en que foron producidas, recoñecendo as funcións e intencións que tiñan nese momento.
6. Participar en actividades musicais, dentro e fóse do centro escolar, en actitude tolerante e respectuosa, atendendo sempre ás regras que rexen a concertación musical, tomando conciencia de que non podemos ser sempre meros espectadores.
7. Valorar a importancia do silencio como condición previa e indispensable para a música e como elemento de harmonía na relación cun mesmo e cos demais.
8. Utilizar a música e o movemento como medio de autoconecemento que nos permite atopar un equilibrio psicosomático adecuado.

## CONTIDOS

### **I - CONCEPTUAIS.**

#### **1. A linguaxe Musical.**

- 1.1 Repaso de coñecementos adquiridos en cursos anteriores.
- 1.2 Mellora no nivel de leito-escritura musical a nivel de interpretación.
- 1.3 Claves de Sol, Fa e Do.
- 1.4 Ritmos complexos.
- 1.5 Signos agónicos e dinámicos.

- 1.6 Grupos excepcionais.
- 1.7 Compases compostos.

## **2. Procedementos de composición.**

- 2.1 O ritmo, a melodía e a harmonía.
- 2.2 Tema, motivo e deseño.
- 2.3 Repetición e transformación.
- 2.4 A frase musical.

## **3. As Formas Musicais.**

- 2.1 Formas Musicais da Idade media.
- 2.2 Formas Musicais do Renacemento.
- 2.3 Formas Musicais do Barroco.
- 2.4 Formas musicais do Romanticismo.
- 2.5 As rupturas formais do século XX.
- 2.6 As Formas da música de consumo.

## **4. As funcións sociais da música.**

- 4.1 A música e a relixión.
- 4.2 A música e a guerra.
- 4.3 O luxo inocente.
- 4.4 A expresión do inefable.
- 4.5 A nación musical.
- 4.6 A arte pola arte.

## **5. A acústica.**

- 5.1 Comportamento do son en grandes espazos.
- 5.2 Métodos de análises do campo sonoro.
- 5.3 Propiedades acústicas de diferentes recintos.
- 5.4 Insonorización e illamento acústico.
- 5.5 A contaminación sonora.

## **6. A música virtual.**

- 6.1 A linguaxe MIDI.
- 6.2 Editores de audio.
- 6.3 Secuenciadores MIDI.
- 6.4 Música na rede: os diferentes formatos de audio no ordenador.

## **7. A música como oficio.**

- 7.1 Os luthieres.
- 7.2 Os compositores.
- 7.3 Os intérpretes.
- 7.4 Os directores de orquestra.
- 7.5 Os editores.

- 7.6 Os representantes e os produtores.
- 7.7 Xestión pública e privada da música.

## **8. A música en España.**

- 8.1 Situación actual da música española.
- 8.2 1.990: A reconversión musical.
- 8.3 A música española na historia.
- 8.4 A Zarzuela.
- 8.5 A música en Galicia.

## **9. O folclore.**

- 9.1 A transmisión oral da cultura na idade da telemática.
- 9.2 A investigación folclórica: métodos e medios.
- 9.3 Recompilacións de músicas populares.
- 9.4 Situación actual do folclore galego.

## **10. A música no cine.**

- 10.1 A música de ambiente no cine mudo
- 10.2 Os comezos do cine musical.
- 10.3 A banda sonora.
- 10.4 Usos e funcións da música no cine.
- 10.5 Grande compositores de bandas sonoras.

## **II. PROCEDIMENTAIS.**

1. Lectura e escritura de ritmos, melodías, acordes e cadencias.
2. Improvisacións libres e dirixidas nas que se manexen os distintos elementos da linguaxe musical (rítmicos, melódicos, harmónicos, formais...) con soltura e espontaneidade.
3. Interpretación seguindo unha partitura.
4. Análise formal e estilístico de obras musicais desde a audición e desde a lectura de partituras.
5. Uso das pautas básicas de interpretación (concentración, silencio, atención ao director e ao resto dos compañeiros, realización xusta do seu parte...).
6. Composición de música propia usando os coñecementos adquiridos no aula.
7. Realización de movementos e danzas propostas.
8. Emprego de diferentes fontes de información en investigacións persoais.
9. Utilización de medios audiovisuais con fins creativos, de percepción e apreciación musical.

## **III. ACTITUDINAIS.**

1. Valoración da actividade instrumental e vocal como elementos fundamentais do feito musical.
2. Cumprimento das normas que rexen a concertación musical.
3. Interese por coñecer os distintos xéneros musicais e as súas funcións expresivas.
4. Apreciación e goce da audición de obras e espectáculos musicais e respecto polas normas que rexen o comportamento nos mesmos.
5. Actitude crítica ante o problema da contaminación sonora e actuación persoal para conseguir un ambiente sonoro máis saudable no centro educativo e fóra del.
6. Coidado no uso dos instrumentos musicais do aula.
7. Respecto polo traballo e as interpretacións musicais dos compañeiros.
8. Realización adecuada das actividades propostas no aula.
9. Interese en autoeducar os seus gustos persoais por medio do coñecemento.
10. Interese por coñecer as músicas doutras culturas e respecto por gustos musicais diferentes.

## **TEMPORALIZACIÓN.**

Dadas as peculiares características do 4º de E.S.O. no presente curso será necesario ir adecuando de xeito continuo os contidos desta programación ás necesidades reais dos alumnos. Preferimos, xa que logo, non pensar nunha temporalización previa e deixar que o propio desenvolvemento do curso vaia definindo o momento oportuno de incluír os contidos programados.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade. Avaliaremos o coñecemento do alumnado acerca do papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etcétera.
2. Analizar diferentes pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos impresos como partituras, comentarios ou musicogramas e describir as súas principais características. Avaliaremos a capacidade do alumnado para identificar algúns dos trazos distintivos dunha obra musical e para describir, utilizando unha terminoloxía adecuada, aspectos relacionados co ritmo, a melodía, a textura ou a forma. A análise realizarase sempre en situacións contextualizadas e a partir da audición de obras previamente traballadas na aula ou con características similares a estas.
3. Expoñer de forma crítica a opinión persoal respecto a distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación á información obtida en distintas fontes: libros, publicidade, programas de

concertos, críticas, etcétera. Avaliaremos a capacidade para expresar unha opinión fundamentada respecto dunha obra ou dun espectáculo musical, así como a habilidade para comunicar, de forma oral ou escrita, e argumentar correctamente as propias ideas apoiándose na utilización de diferentes fontes documentais.

4. Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental ou unha coreografía aprendidas de memoria a través da audición ou observación de gravacións de audio e vídeo ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos. Avaliaremos o grao de autonomía do alumnado e a súa disposición e colaboración con outros membros do grupo, seguindo os pasos necesarios e introducindo as medidas correctivas adecuadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

5. Participar activamente nalgúns das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etcétera. Avaliaremos a capacidade do alumno de integrarse nun proxecto de grupo e de colaborar na organización de actividades musicais.

6. Explicar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical considerando a intervención de distintos profesionais. Avaliaremos o coñecemento do alumnado sobre o proceso seguido en distintas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etcétera) e o papel xogado en cada unha das fases do proceso polos diferentes profesionais que interveñen.

7. Elaborar un arranxo para unha peza musical a partir da transformación de distintos parámetros (timbre, número de voces, forma, etcétera) nun ficheiro MIDI, utilizando un secuenciador ou un editor de partituras. Avaliaremos a capacidade do alumnado para utilizar diferentes recursos informáticos ao servizo da creación musical. Trátase de valorar a aplicación das técnicas básicas necesarias para utilizar algúns dos recursos tecnolóxicos ao servizo da música e a autonomía do alumnado para tomar decisións no proceso de creación.

8. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos. Avaliaremos a capacidade de selección de tipos de música en función das imaxes a acompañar na elaboración dun proxecto audiovisual.

## **Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva.**

De forma similar aos cursos anteriores, para obter unha avaliación positiva os alumnos deberán asistir a clase de xeito regular e participar activamente nas actividades prácticas propostas. Os alumnos serán examinados exclusivamente dos contidos desenvolvidos nas programacións de aula.

Ao longo de cada avaliación realizaranse, de xeito xeral, dúas probas teóricas. Os alumnos deberán acadar como mínimo un 4 en cada unha e un 5 na media das dúas. Os alumnos que estean por debaixo do 4 realizarán unha proba de recuperación.

A cualificación da parte práctica poderá ser, segundo o profesor estime conveniente para o mellor desenvolvemento da aprendizaxe e de acordo coas características particulares de cada grupo, unha proba

única e individual ou unha media de diferentes probas levadas a cabo polos alumnos ao longo da avaliación.

A nota de avaliación do alumno será calculada do seguinte xeito: 40% da cualificación da parte teórica, un 40% da cualificación da parte práctica e un 20% da cualificación dos contidos actitudinais.

Para aqueles alumnos que non alcancen os obxectivos didácticos que se programen en cada Unidade, confeccionaranse, no seu momento, actividades de reforzo adaptadas a cada caso concreto.

Confeccionaranse actividades encamiñadas á propia autoavaliación dos alumnos, e intentarase que estes avalíen tamén a marcha da asignatura e a adecuación deste programa.

Os alumnos coa materia pendente terán unha atención continuada ao longo do curso e un programa de recuperación. Terán dereito a unha proba extraordinaria a celebrar no mes de maio, pero poderán ser eximidos de facela se do programa de recuperación resulta unha avaliación positiva.

**Para alcanzar unha cualificación positiva na asignatura son requisitos imprescindibles:**

- que os alumnos aporten o material que o profesor demande en cada momento (libro de texto, libro de exercicios, caderno de música, instrumentos escolares persoais dos alumnos, etc)

- que os alumnos participen de xeito activo nas actividades que se desenvolvan no aula, seguindo en todo momento as indicacións do profesor e tratando adecuadamente os instrumentos e o resto de material da aula de música.

LIBRO DE TEXTO:

MÚSICA 4º ESO - Editorial ALMADRABA

Rafael Fenellosa et al.

## **1º BACHARELATO**

*Lexislación aplicable a partires do curso 2015/16*

*Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*

*Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.*

*Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*

*Lexislación antiga, aplicable a partires do curso 2008/09*

**LEY ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de Educación. BOE nº 106 de 04/05/2006.**

**REAL DECRETO 1467/2007, de 2 de novembro, por el que se establece la estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas. (boe 266/2007 de 6 de novembro de 2007).**

**ORDEN ESD/1729/2008, de 11 de junio, por la que se regula la ordenación y se establece el currículo del bacharelato. BOE nº 147 de 18/06/2008**

**DECRETO 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2008).**

**ORDE do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de xuño de 2008)**

**ORDE do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta. DOG do 27 de xuño de 2008.**

**ORDE do 23 de setembro de 2008 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo (DOG do 29 de setembro de 2008).**

**CORRECCIÓN DE ERROS-DECRETO 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 22 de outubro de 2008).**

## INTRODUCCIÓN

### **TEORÍA E PRÁCTICA MUSICAL**

**Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, pax. 26.582 e seguintes.**

A asignatura de música no BACHARELATO ten dúas perspectivas posibles que non sempre son fáciles de compaxinar. Por unha banda, a daqueles alumnos que elixiron música como parte da súa formación, pero que non van realizar estudos relacionados coa música, e pola outra, alumnos que se van realizar algún tipo de estudo relacionado coa música (Maxisterio, Musicoloxía, estudos en conservatorios...).

## Obxectivos xerais da etapa

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA**

1. Asentar e aumentar os coñecementos mínimos de linguaxe musical que permitan a realización de interpretacións vocais e instrumentais seguindo unha partitura e a análises de exemplos musicais.
2. Utilizar unha linguaxe adecuada ao tratamento científico da disciplina, nos seus aspectos técnicos, teóricos e históricos.
3. Aprender a usar a voz dun modo axeitado, tomando conciencia da importancia da hixiene vocal e os beneficios a longo prazo dun bo uso da voz.
4. Usar de forma autónoma diversas fontes de información musical, incluídas as que se refiren ás



novas tecnoloxías telemáticas.

5. Enfrontarse con espírito crítico á complexa situación musical do século XXI e servirse da música como dun elemento imprescindible no seu desenvolvemento persoal, sexa cal for a orientación profesional que cada unha elixa.
6. Analizar con rigor as obras musicais que forman parte do noso patrimonio cultural, relacionándoas co momento histórico en que foron producidas, recoñecendo as funcións e intencións que tiñan nese momento.
7. Participar en actividades musicais, dentro e fóse do centro escolar, en actitude tolerante e respectuosa, atendendo sempre ás regras que rexen a concertación musical, tomando conciencia de que non podemos ser sempre meros espectadores. Valorar a importancia do silencio como condición previa e indispensable para a música e como elemento de harmonía na relación cun mesmo e cos demais.
8. Utilizar a música e o movemento como medio de autoconecemento que nos permite atopar un equilibrio psicosomático adecuado.
9. Adquirir unha base de coñecementos sólidos e ben organizados que permitan a aqueles alumnos que o desexen realizar estudos universitarios relacionados co mundo da música.

## **BLOQUES TEMÁTICOS**

A materia Teoría e Práctica musical desenvólvese en torno a cinco bloques temáticos:

- a) Destrezas musicais
- b) Audición comprensiva
- c) Teoría musical
- d) Creación e interpretación
- e) Tecnoloxías aplicadas ao son

Sempre que sexa posible tratarase de incluír en cada unidade didáctica elementos referidos a estes bloques de contidos, que son en si mesmos complementarios ao tratar o fenómeno da música. Algúns dos contidos preséntanse como desenvolvemento dos de 4º da E.S.O.

Non se atopou ningún texto para ningún dos cursos de BACHARELATO capaz de abarcar os contidos da programación dun xeito satisfactorio, polo tanto inclúese dentro dos contidos , material de apoio para cada un deles.

# **CONTIDOS**

## **I. CONCEPTUAIS**

### **Elementos de Linguaxe musical.**

A escritura musical: pentagrama, claves, figuras das notas e dos silencios.

O compás. Tipos de compases. Realización práctica.

Signos de repetición.

Signos agónicos e dinámicos.

Alteracións e signos especiais.

A lectura musical: realización práctica cos instrumentos e as voces.

### **A música vocal.**

Teoría e práctica.

Emisión e colocación da voz.

Interpretación de obras vocais de distintas épocas axeitadas a capacidade interpretativa do grupo.

A saúde da voz falada ou cantada.

### **Modalidade e Tonalidade. Aplicación á música vocal.**

Desenvolvemento histórico.

Os modos. Regras de construción da música modal.

A tonalidade. Escalas e modos tonais. O círculo de quintas.

O espazo tonal: as modulacións.

Material de apoio: primeiro capítulo de *Introdución á música*.

**OTTO KAROLYI**

**Alianza Editorial.**

### **As formas musicais e a análise musical.**

Son, melodía, harmonía, ritmo, crecemento.

Desenvolvemento histórico das principais formas musicais.

Análise formal de audicións.

Análise formal de partituras

Material de apoio: *Guía analítica de Formas Musicais para estudantes*.

**LLACER PLA**

**Ed. Real Musical**

### **A harmonía.**

Intervalos. Clasificación de intervalos.

Formación de acordes. Cifrados antigos e modernos

Funcións tonais.

Acompañamentos harmónicos de melodías. Realización práctica.

Material de apoio: ***Tratado moderno de instrumentación para orquestra de jazz***

**ENRIQUE DE ULIERTE**

Primeira parte: *Harmonía*

### **A música e as novas tecnoloxías.**

Música e electrónica. Visión histórica.

Os novos instrumentos musicais.

A informática na creación musical: editores de audio, editores de partituras.

O MIDI . Principios básicos. Secuenciadores.

Sintetizadores e samplers.

Tarxetas de son.

## **II PROCEDIMENTAIS**

- Lectura e escritura musical.
- Realización práctica de partituras cos instrumentos do aula ou con outros instrumentos.
- Participación en coros e pequenos grupos vocais.
- Análise de partituras (con e sen audición).
- Realización de traballos de investigación achega de cuestións musicais relacionadas co seu propio ambiente cultural.
- Recolleita e organización de material fonográfico.
- Uso directo dos principais programas informáticos de edición e secuenciación.
- Manexo de diversos medios musicais para coñecer a súa importancia na difusión da música no pasado e no presente.
- Lectura e comentario de textos referentes a estilos, autores ou obras.
- Análise das diversas músicas na propia contorna.
- Desenvolvemento dun vocabulario técnico-musical adecuado.

## **III ACTITUDINAIS.**

- Valoración da actividade instrumental e vocal como elementos fundamentais do feito musical.
- Cumprimento das normas que rexen a concertación musical.
- Interese por coñecer os distintos xéneros musicais e as súas funcións expresivas.
- Apreciación e goce da audición de obras e espectáculos musicais e respecto polas normas que rexen o comportamento nos mesmos.
- Actitude crítica ante o problema da contaminación sonora e actuación persoal para conseguir un ambiente sonoro máis saudable no centro educativo e fóra del.

- Coidado no uso dos instrumentos musicais do aula.
- Respecto polo traballo e as interpretacións musicais dos compañeiros.
- Realización adecuada das actividades propostas no aula.
- Interese en autoeducar os seus gustos persoais por medio do coñecemento.
- Interese por coñecer as músicas doutras culturas e respecto por gustos musicais diferentes.

## **SECUENCIACIÓN**

Desenvolveranse unidades didácticas relacionadas coa linguaxe musical, que implementen a capacidade de lectura de partituras. Realizaranse tamén actividades de ritmo, movemento e interpretación musical que desenvolvan as capacidades expresivas dos alumnos e lles axuden a contextualizar os coñecementos adquiridos.

A secuenciación do resto dos aspectos programados dependerá sempre da continuidade dos alumnos no BACHARELATO, dos intereses dos propios alumnos (a nivel persoal ou profesional) e das necesidades que o profesorado vaia localizando a medida que se desenvolva o curso.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

- Aplicar os coñecementos adquiridos para unha correcta posición e hixiene da voz, tanto falada como cantada, e para o desenvolvemento duns movementos axeitados á práctica musical nos instrumentos. Avaliaremos a capacidade do alumno de coidar a súa voz e de manter unha boa posición na práctica instrumental, así como a súa conciencia nestes aspectos cara a evitar lesións.
- Recoñecer e realizar análise formal da estrutura interna dunha canción ou obra musical, a partires da partitura, da audición e da interpretación. Avaliaremos a capacidade do alumno de realizar análises formais de obras musicais usando os parámetros explicados na aula de música.
- Interpretar con acompañamento instrumental obras de características e estilos diversos, recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre elas. Avaliaremos a capacidade de aprendizaxe e de interpretación das obras musicais e a capacidade de análises das mesmas.
- Recoñecer os recursos musicais que podemos utilizar para transmitir coa música determinados sentimentos ou emocións. Avaliaremos a capacidade de conexión co grupo na interpretación musical e a comprensión e uso dos recursos expresivos da música.
- Realizar arranxos de cancións ou mesmo composición de cancións con ou sen acompañamento instrumental. Avaliaremos a capacidade de inventar pezas musicais que poidan ser interpretadas polo grupo ou de arranxar cancións para que poidan ser usadas na aula de música.

## Procedementos de avaliación.

As actividades de instrumentación e de movemento valoraranse sempre no momento da súa realización atendendo aos seguintes parámetros:

1. Capacidade de actuación en grupo: inclusión no grupo, audición dos demais intérpretes e respecto ás normas de execución musical
2. Corrección rítmica na execución da partitura e capacidade de establecer unha dialéctica rítmica flexible xunto aos compañeiros de grupo.
3. Corrección na entoación, cando sexa o caso.
4. Capacidade expresiva e creatividade.

As actividades no aula de informática valoraranse da seguinte forma:

Cada alumno gardará, nun cartafol co seu nome, os arquivos que se vaian xerando nas actividades realizadas. Ese cartafol será revisado polo profesor periodicamente. Ao final de cada bloque propoñerase aos alumnos a realización dun suposto práctico que englobe todos os aspectos traballados.

Para avaliar o resto dos aspectos realizarase un exame en cada avaliación. O baremo establecido no 1º de BACHARELATO é dun 40% o exame de contidos conceptuais e dun 60% as actividades prácticas. Os alumnos que teñan suspensa unha avaliación examinaranse de novo cando o departamento o determine ao longo da avaliación seguinte.

Os aspectos prácticos da asignatura poderán darse por recuperados se o alumno presenta un bo rendemento nas novas actividades propostas.

### **MÍNIMOS esixibles PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

Para obter unha avaliación positiva os alumnos deberán asistir a clase de xeito regular e participar activamente nas actividades prácticas propostas. Os alumnos serán examinados exclusivamente dos contidos desenvolvidos nas programacións de aula.

Ao longo de cada avaliación realizaranse, de xeito xeral, unha proba teórica e un control de cada unha das pezas interpretadas. Os alumnos deberán acadar como mínimo un 4 na proba teórica para realizar a media coa parte práctica. Os alumnos que estean por debaixo do 4 realizarán un exame de recuperación.

A cualificación da parte práctica poderá ser, seguindo o deseño curricular básico, unha proba única e individual ou unha media de diferentes probas levadas a cabo polos alumnos ao longo da avaliación, individualmente ou en grupo.

## 2º de BACHARELATO

### HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

O desenvolvemento da materia realizarase mediante apuntes proporcionados polo profesor e na lectura ou consulta do alumnado dos textos seguintes:

1. Historia de la Música. BACHARELATO Humanidades e Ciencias Sociais.  
Emilio Casares.  
Ed. Everest.
2. Historia da Música. Bacharelato Humanidades e Ciencias Sociais.  
Rosa Mª Fernández, Isabel da Ponte.  
Ed. Galinova.
3. Historia de la música e de la danza.  
Rafael Fenellosa et al.  
Editorial Almadraba.
4. Historia de la Música Occidental.  
Donald J. Grout-Claude V. Jalisca. Ed. Alianza. Vol. 1 e 2.

Bibliografía e material complementario.

Norton Antology of Western Music. Partituras e grabacións.

Historia General de la Música.

A. Robertson-D. Stevens. Editorial Istmo

Diccionario de la música y los músicos.

Mariano Pérez.

Editorial Istmo

Atlas de Música

Ulrich Michels

Editorial Alianza

## CONTIDOS

### **1. Historia do sistema modal.**

- 1.1. Os modos nas culturas antigas.
- 1.2. Os modos nas culturas actuais.
- 1.3. Dos modos gregos aos modos gregorianos: un problema na historia.
- 1.4. A Idade Media.
  - 1.4.1. A monodia relixiosa na idade media: o canto gregoriano.
    - cualidades.
    - tipos.
  - 1.4.2. A música profana na idade media: trobadores, trobeiros e minnesingers.
  - 1.4.3. A música galaico-portuguesa.
  - 1.4.4. A polifonía: o Ars Antiqua e o Ars Nova.
    - as primeiras formas polifónicas: organum, discantus, clausula, motete.
  - 1.4.5. Os instrumentos na idade media.
  - 1.4.6. Os modos gregorianos: regras de uso.
  - 1.4.7. A escritura musical: dos pneumas ao pentagrama.
- 1.5. O Renacemento.
  - 1.5.1. Características xerais.
  - 1.5.2. O sistema modal no Renacemento: técnicas de composición.
  - 1.5.3. As escolas polifónicas renacentistas:
    - escola franco-flamenca
    - escola española
    - escola romana
    - escola veneciana
    - a polifonía inglesa
  - 1.5.4. Formas vocais na música renacentista: o madrigal, a chanson e o vilancico.
  - 1.5.5. O nacemento da música instrumental
    - a música e a danza.
    - organoloxía
    - primeiras formas da música instrumental pura.

### **2. Historia do Sistema Tonal.**

- 2.1. Fundamentos da tonalidade no último Renacemento.
- 2.2 O Barroco.
  - 2.2.1 Iniciación e desenvolvemento do Barroco Musical: Italia.
    - novas ideas musicais: textura monódica e o baixo continuo; o estilo concertante.
    - a *Camerata Fiorentina* e os principios da ópera.

- estética e contido da Música Barroca.

#### 2.2.2 Periodización da Música Barroca.

#### 2.2.3 O desenvolvemento da música instrumental.

- organoloxía.

- as formas da música instrumental: a sonata, a suite e o concerto.

- Biber, Corelli, Vivaldi

#### 2.2.4 As formas vocais da música barroca.

- a ópera.

- a cantata.

- o oratorio e a paixón.

#### 2.2.5 O Barroco Alemán.

- peculiaridades do barroco alemán.

- Johann Sebastian Bach..

#### 2.2.6 O Barroco Inglés.

- Henry Purcell.

- George Friedrich Händel.

#### 2.2.7 O Barroco Francés do "Grand Siecle".

- a música na corte de Luís XIV

#### 2.2.8 O Barroco Español.

- Elementos que definen o Barroco Español.

- O tránsito do Renacemento ao Barroco.

- A música para a escena.

### 2.3. O Clasicismo.

#### 2.3.1. A Plenitude do Clasicismo.

- Calidades que definen a Música Clásica.

- As Formas Musicais do Clasicismo: Sonata e Sinfonía.

- Joseph Haydn.

- W.A. Mozart.

#### 2.3.2. O Clasicismo en España.

#### 2.3.3. Beethoven e a plenitude do Sinfonismo.

### 2.4. O Romanticismo.

#### 2.4.1. Elementos formais característicos.

#### 2.4.2. As Formas Musicais.

#### 2.4.3. Os instrumentos románticos. O piano.

#### 2.4.4. A Ópera no Romanticismo.

### 2.5. Os nacionalismos.

#### 2.5.1. As Escolas Nacionalistas.

#### 2.5.2. O Nacionalismo Español.



## 2.6. O Século XX.

2.6.1. O Impresionismo.

2.6.2. A Música ata a Segunda Guerra Mundial.

2.6.3. A Música desde 1940 ata os nosos días.

2.6.4. O Jazz.

2.6.5. As músicas de consumo.

## AUDICIÓNS:

### **Idade Media.**

1.1. O canto gregoriano. Características, orixe e evolución.

Audición: 1 PUER NATUS (introito gregoriano)

1.2. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Códice Calixtino.

Audición: 2 GRATULANTES (Códice Calixtino)

1.3. A música profana. Xogares e goliardos. O fenómeno trobadoresco en Europa. A lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio.

Audición: 3 SANTA MARIA, Cantiga nº 100 (Afonso X)

Audición: 4 ONDAS DO MAR DE VIGO (M. Códax)

### **O Renacemento.**

2.1. A polifonía relixiosa. A música da Reforma e da Contrarreforma. A música vocal profana: o madrigal e o estilo madrigalesco.

Audición: 5 MATONA MIA CARA (Orlando di Lasso)

2.2. Principais polifonistas (Palestrina, Lasso e Victoria).

Audición: 6 KYRIE da Misa do Papa Marcello (G. P. L. da Palestrina)

2.3. O Renacemento en España. A música vocal profana: vilancico e romance.

Audición: 7 TODOS LOS BIENES (J. del Encina)

2.4. A danza renacentista. Función social. Nacemento do ballet.

### **O Barroco.**

3.1. A música no Barroco: características, periodización e escolas. Evolución da linguaxe expresiva. O nacemento da ópera.

Audición: 8 VI RICORDA (ORFEO (C. Monteverdi)

3.2. Balé de cour. Comedia ballet.

Audición: 9A Marcha DOS Turcos (J. B. Lully)

3.3. A música e a relixión: cantata, oratorio e paixón.

Audición: 10 CORO inicial da Paixón segundo SAN MATEO (J. S. Bach)

Audición: 11 ALLELUIA (G. F. Haendel)

3.4. As formas instrumentais: orixe, características e evolución.

Audición: 12 O INVERNO (A. Vivaldi)

## **O Clasicismo.**

4.1. As formas instrumentais clásicas: orixe, características e evolución. Música sinfónica e de cámara.

Audición: 13 SINF. A GALIÑA 1º MOV. (J. Haydn)

Audición: 14 PEQUENA SERENATA 4º MOV. (Rondó-Allegretto) (W. A. Mozart)

4.2. Música vocal: a reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria.

Audición: 15 A FRAUTA MÁXICA. A Raíña da Noite (W.A. Mozart)

4.3. O ballet no clasicismo: o ballet de acción. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena.

Audición: 16 Baile (Acto III, Escena 3ª), ORFEO E EURÍDICE, (Ch.W. Gluck)

## **O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo.**

5.1. A orquestra romántica. As formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática.

Audición: 17 5ª SINFONIA, 1º mov. (L. van Beethoven)

5.2. O piano romántico.

Audición: 18 NOCTURNO Op. 9, nº 2 (F. Chopin)

5.3. A ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo.

Audición: 19 LIBIAMO de La Traviata (G.Verdi)

Audición: 20 OS MESTRES CANTORES (obertura) (R. Wagner)

5.4. O lied.

Audición: 21 ADEUS, MEU MENIÑO (M. del Adalid)

Audición: 22 LIED (Margarida na roca. D. 118) (F. Schubert)

5.5. O rexurdimento musical en Galicia; música instrumental e vocal.

Audición: 23 A NEGRA SOMBRA (J. Montes)

5.6. A música na España do século XIX. A zarzuela.

Audición: 24 DÚO de Felipe e Mari Pepa (R. Chapí)

5.7. O balé romántico. Transición ao ballet académico.

Audición: 25 O CREBANOCES (Danza da fada Larpeirada) (P. I. Tchaikovsky)

## **Primeiras tendencias modernas.**

6.1.-O impresionismo. Características musicais e figuras representativas.

Audición: 26 LA MER (C. Debussy)

6.2.-Novas linguaxes no século XX: o século dos ismos: surrealismo, expresionismo etc. A evolución dos elementos da música.

Audición: 27 IONISATION (P. Varese)

Audición: 28 TIENTO Y BATALLA (C. Halffter)

6.3.-A Segunda Escola de Viena: o dodecafonismo. O neoclasicismo. Representantes principais da composición.

Audición: 29 PIERROT LUNAIRE (A. Schönberg)

Audición: 30 EL SOMBRERO DE 3 PICOS (*Danza del molinero*) (M. de Falla)

6.4 -Os ballets rusos. Diaghiliev. A danza moderna.

Audición: 31 A CONSAGRACIÓN DA PRIMAVERA (I. Strawinski)

## **AVALIACIÓN.**

Parte teórica:

cada alumno elaborará un traballo persoal sobre cada uno dos períodos históricos. O traballo consistirá na elaboración dunha presentación e na exposición pública para o resto dos seus compañeiros do tema, coa axuda da presentación e do material que cada alumno considere axeitado. Este traballo será avaliado tendo en conta a organización, a estrutura lóxica, a documentación histórica rigorosa e a capacidade de construír un discurso oral fluído, sólido e coherente sobre o tema que se trate. Tras cada exposición haberá un turno de preguntas no que mesmo se valorará a capacidade do relator de resolver as dúbidas do seu auditorio.

A nota do traballo valerá un 40% da nota de cada avaliación.

Parte práctica:

Audicións.

Os alumnos farán un exame sobre as audicións realizadas en clase. A nota de ese exame valerá un 30% da nota de cada avaliación.

Instrumentacións.

O grupo preparará polo menos unha instrumentación relacionada con cada período histórico, na que queden reflectidas as características xerais e estilísticas de cada momento. Na avaliación das instrumentacións valorarase a capacidade do traballo en grupo, a motivación para aprender as pezas e o desenvolvemento da destreza musical que cada alumno, na medida das posibilidades, vaia alcanzando. La nota de la instrumentación valerá un 30% de la nota de cada avaliación.

A nota mínima para aprobar unha avaliación será de 5.

En cada avaliación realizaranse actividades de recuperación coas que o alumno poderá mellorar a súa nota.

A nota final do curso será a media aritmética das notas das 3 avaliacións.

Ao tratarse dunha materia cun enfoque eminentemente práctico será imprescindible a asistencia regular a clase de todos os alumnos. Cada falta sen xustificar restará medio punto da nota acadada en cada avaliación.

As faltas debidamente xustificadas non serán tidas en conta para o cálculo da nota.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Posto que nada pode substituír, nin desde o punto de vista do goce estético nin desde o punto de vista pedagóxico, á audición de música en vivo, intentouse que todos os alumnos do centro teñan a oportunidade de asistir a algún concerto ou ensaio orquestral. Os obxectivos desta actividade son os seguintes:

1. Que os alumnos capten as peculiaridades da música en vivo.
2. Que aprendan a comportarse como un público educado e crítico.
3. Que usen neste contexto os coñecementos adquiridos no aula.
4. Que aprendan a gozar da música como arte e como elemento de relación social.
5. Que coñezan a estrutura física e o funcionamento dun teatro ou auditorio de música.
6. Que teñan coñecemento das institucións, públicas e privadas, dedicadas á difusión da música.

Para o presente curso todo o primeiro ciclo de E.S.O solicitarase a asistencia aos Concertos Didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia, organizados polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña.

Para o segundo ciclo de E.S.O e BACHARELATO solicitamos a asistencia aos Ensaio Xerais da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Solicitáronse así mesmo os concertos que programa o concello de Oleiros para os institutos da zona. Inclúese tamén, a posibilidade, aínda sen concretar, dunha viaxe a Madrid para 3º da E.S.O. co obxectivo de asistir a un musical. No caso de que non sexa posible, substituirase con algún pase no vídeo dun espectáculo das mesmas características.

Programaranse tamén actividades musicais no centro, coa participación dos propios alumnos. Polo menos haberá unha audición na última avaliación e espérase poder colaborar como en anos anteriores con outros departamentos en celebracións como o carnaval ou o día das letras galegas.

A solicitude de actividades musicais solicitadas son as que aparecen no anexo a esta programación.

A programación de actividades queda supeditada á concesión das mesmas por parte do Departamento de Educación do Concello de A Coruña. Faltan por programar as actividades propostas polo Concello de Oleiros.

O seminario propoñerá outras actividades relacionadas coa materia se xurdiran ao longo do curso.

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O departamento de música queda á disposición do departamento de orientación, das xuntas de avaliación e do equipo directivo para por en marcha medidas de atención con aqueles alumnos que as puideran precisar.

Por outra banda, dadas as peculiaridades desta materia e a gran diversidade de coñecementos previos e aptitudes e habilidades musicais do alumnado, e destacando a diferenza entre a educación musical xeralista que se imparte nun IES (diferente do enfoque máis concreto de escolas de música ou conservatorios) o departamento diversificará as ferramentas de avaliación de xeito que todo o alumnado poida aprobar a materia se o seu traballo e o seu progreso é axeitado, independentemente das aptitudes musicais de cada alumno.

# **ATENCIÓN A ALUMNOS COA MATERIA DE MÚSICA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES**

## **INTRODUCCIÓN**

### **I. ALUMNADO.**

Os alumnos coa materia pendente recibirán atención personalizada por parte do xefe de seminario da materia.

Como os contidos conceptuais de 2º e 3º da E.S.O. non son progresivos, o seminario deberá cualificar aos alumnos de 3º coa materia atendendo á programación de 2º da E.S.O., aínda que como continúan cursando obrigatoriamente música en 3º, serán cualificados dos contidos procedimentais e actitudinais no aula de 3º da E.S.O. .

### **II. HORARIO.**

A entrega de material de apoio, corrección de devandito material ou explicación de calquera dúbida terá lugar no aula de música durante os recreos dos mércores, aínda que o seminario está a disposición dos alumnos noutros recreos.

### **III. MATERIAL**

O libro de texto do curso pendente. Se fora posible o centro prestará o libro correspondente aos alumnos que o puideran precisas.

Fichas de linguaxe musical elaboradas polo seminario.

Disco de audicións do libro anteriormente citado.

### **IV. CONTIDOS**

Son os mesmos contidos, tanto conceptuais como procedimentais e actitudinais que se incluíron na presente programación para o curso correspondente.

## V. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Como xa se mencionou, a avaliación dos contidos procedimentais e actitudinais efectuarase no grupo de referencia dos alumnos.

A avaliación de contidos conceptuais realizarase mediante probas escritas.

2º da ESO pendente: os alumnos terán que volver a realizar o caderno de traballo elaborado polo departamento e realizarán un exame que conterá exercicios literais de ese caderno.

3º da ESO pendente: os alumnos terán que realizar un traballo por cada período histórico desenvolvido na programación. Mesmo terán que realizar un exame tipo test, similar aos realizados no curso, por cada un deses períodos.

A data de realización destes exames poderá negociarse individualmente co profesor da materia. Os alumnos que non recuperen a materia pendente ao longo do curso terán dereito a unha proba global a celebrar en maio e á proba extraordinaria de setembro.

## CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

En cumprimento do Anexo V do *Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*(DOG 13 de xullo de 2007) esta programación recolle as iniciativas propostas dende o departamento para o fomento da lectura.

O departamento comparte e asume o criterio da CCP de que o as actividades contidas no Proxecto Lector de Centro deben ir encamiñadas ao fomento e a animación da lectura, nun intento de devolver ao alumnado o gusto por unha actividade que é ao mesmo tempo fonte de pracer individual e imprescindible ferramenta na construción organizada de coñecementos de calquera tipo. Non forman parte, polo tanto, deste capítulo nin a lectura obrigatoria de libros de texto nin a de material técnico especializado relacionado con aspectos da asignatura. Tratarase máis ben de fomentar a lectura como fonte de pracer estético e simbólico.

### 1. LECTURA.

- O departamento proporcionará ao alumnado de música obras literarias relacionadas directamente co mundo da música en calquera das súas facetas. O alumnado será convidado a ler estas obras na súa totalidade ou ben realizará a lectura dalgúns capítulos ou fragmentos seleccionados. Non todos os alumnos deberán realizar as mesmas lecturas: ao contrario, se tratará de diversificar as lecturas nun intento de que os alumnos por propia iniciativa inciten á lectura aos propios compañeiros.
- O departamento tratará de ser máximamente coidadoso coa boa adecuación do nivel das lecturas ás distintas idades do alumnado.
- Cando os profesores o consideren oportuno será usada unha sesión de clase ou parte dela para comentar as lecturas realizadas.
- As lecturas realizadas polos alumnos non teñen carácter obrigatorio nin terán peso na nota final do alumno.
- Achégase con esta programación unha bibliografía de obras literarias relacionadas coa música que ten un significado meramente orientador.

## 2. EXPRESIÓN ESCRITA Y CREACIÓN LITERARIA.

- Os alumnos serán convidados a escribir programas de música ou pequenos libretos que se poidan usar na aula como material para a composición de pezas programáticas ou pequenas dramatizacións con música dun xeito parecido ao dos madrigais dramatizados que constituíron no século XVI as raíces históricas da ópera.
- O departamento valorará a posibilidade de realizar ao longo do curso un concurso literario segundo o enfoque anteriormente comentado.

### **BIBLIOGRAFÍA DE OBRAS LITERARIAS RELACIONADAS COA MÚSICA.**

Aira, César. *Canto Castrato*. (BsAs: Javier Vergara Editor, 1984) novela

Anglade, Roberto. *Alazul*. cuento

En: Anglade, Roberto. *La canción del siniestro eremita*. (BsAs: Galerna, 1988)

Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.11-19

Arreola, Juan José. *Balada*. cuento

En: Arreola, Juan José. *Confabulario personal*. (Barcelona: Bruguera, 1980) Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.21-22

Blaistein, Isidoro. *Violín de fango*. cuento

En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)

Brasca, Raúl. *Revelación de la música*. cuento

En: Brasca, Raúl. *Las aguas madres*. (BsAs: Sudamericana, 1994)

Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.23

Campodónico, Luis. "Il mio tormento". Cuento

En: *33 contes* (Mercure de France, Vienne, 1969). Ed. castellana: Arca, Montevideo, 1995.

Carpentier, Alejo. *Los Pasos Perdidos* (1953) novela

----- *Concierto barroco* (1975) novela

Caruso, Marcelo. *Aria para un destello*. cuento

En: Caruso, Marcelo. *La gallina degollada*. (BsAs: Ediciones del Dock, 1994)

Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.25-28

Castillo, Abelardo. *Noche para el negro Griffiths*.

En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)

Chappa, Pedro. *Un violín en Praga y Villegas*. cuento

En: Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.29-34

Cohen, Marcelo. *El instrumento más caro de la tierra*. cuento

- En: Cohen, Marcelo. *El instrumento más caro de la tierra*. (Barcelona: Montesinos Editor, 1981), p.7-22
- . *Inolvidables veladas*. (Barcelona: Minotauro, 1996) novela.
- . *Música en el jardín de Florencia*. cuento
- En: Cohen, Marcelo. *El instrumento más caro de la tierra*. (Barcelona: Montesinos Editor, 1981), p.76-83
- Cortazar, Julio. *El Perseguidor*. (1967) cuento
- En: *El perseguidor y otros cuentos*
- *Clone*. cuento
- En: Cortázar, Julio. *Los relatos*, tomo 2, (Madrid: Alianza Editorial, 1994)
- Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.35-50
- Da Rosa, Julio C. *Hombre Flauta*. cuento
- En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)
- Delgado Aparain, Mario / Luis Sepúlveda. *Los peores cuentos de los hermanos Grim* (BsAs: Seix Barral, Biblioteca Breve, 2004) novela
- Estrázulas, Enrique. *El ladrón de música* (Editorial Legasa, 1982) novela
- Fernández, Macedonio. *La música* (1892)
- En: *Obras completas tomo I – Papeles antiguos* (BsAs: Corregidor, 1981), p.16-18 (pub. originalmente en *El progreso*, Nro.2, 14-VIII-1892)
- Fornaro, Milton. *Otro tango, maestro*. cuento
- En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)
- Galmés, Héctor. *Contrabajo solo*. Cuento
- En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)
- Gutiérrez, Carlos María. *La noche de la cocina*. Cuento
- En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)
- Hernández, Filisberto. *Mi primer concierto en Montevideo*. cuento
- En: Hernández, Filisberto. *Obras completas*. (Montevideo: Arca-Calicanto, 1981)
- Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.51-60
- Hurtado, Leopoldo. *Esta noche concierto* (BsAs: Editorial Losada, 1960) novela
- Loreti, Miguel. *Para agradecer la lluvia de la mañana*. cuento
- En: Loreti, Miguel. *Entrada a paraíso*. (BsAs: Grupo Editor Latinoamericano, 1994)
- Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.61-68
- Lugones, Leopoldo. *La metamúsica*. cuento
- En: *Tribuna*, (BsAs, 29-VI-1898), p.1-2
- Lugones, Leopoldo. *Las fuerzas extrañas*. (BsAs: Ediciones del 80, 1984)
- Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.69-81



- Manauta, Juan José. *La guitarra*. cuento  
En: Manauta, Juan José. *Los degolladores*. (BsAs: Corregidor, 1980)
- Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.83-85
- Marra, Nelson. *Tango*. cuento  
En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)
- Martino, Alejandro. *Relatos musicales*. Cuentos  
En: Martino, Alejandro. *Veinticinco variaciones sobre un tema de Augusto Monterroso*. (BsAs: Simurg, 1999), p.68-115
- Masliah, Leo. *Una crítica musical*. (1990) cuento  
En *La tortuga y otros cuentos* (BsAs: Ediciones de la flor, 1990)
- Miguens, Silvia. *La baronesa del tango*. (BsAs: Sudamericana, 2006) novela
- Mirarchi, Jorge. *El piano*. cuento  
En: Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.87
- Mondragón, Juan Carlos. *Alas de Serafín*. cuento  
En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)
- Monterroso, Augusto. *Sinfonía Concluída*. (1959) cuento  
En: *Obras completas (y otros cuentos)*  
Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.89-91
- *El concierto*. (1959) cuento  
En: *Obras completas (y otros cuentos)*
- Moyano, Daniel. *Donde estás con tus ojos celestes*. (BsAs: Gárgola Ediciones, 2005) novela
- *El trino del diablo*. (Córdoba: Rubén Libros, 2004) novela. Reedición de la versión de 1988 con un estudio preliminar de Marcelo Cassarin.
- *María violín*. cuento  
En: Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.93-104
- *Relato del Falcon verde y la flauta maravillosa*. cuento  
En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)
- Mujica Lainez, Manuel. *El Gran Teatro* (BsAs: Ed. Sudamericana, 1979) novela
- Pacheco, José Emilio. *Laugerhaus*. cuento  
En: Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.105-112
- Rodríguez Barilari, Elbio. *Un sueño en el estuche del bandoneón de Ciriaco Ortiz*. cuento  
En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)

Silvestre, Susana. *Luna de miel*. cuento

En: Marengo, Elena (selección y prólogo). *Música y letras*. (BsAs: Desde la gente. Ediciones del Instituto Movilizador de Fondos Cooperativos, 1996), p.112

Traba, Marta. *Mataron a Lennon*. cuento

En: Delgado Aparain, Mario (ed.). *Cuentos para pluma y Orquesta* (Montevideo: Ediciones Trilce, 1989)

## **PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS.**

Como cada ano, sempre dentro da posibilidade de dispor dunha aula de informática, serán levadas a cabo unidades didácticas relacionadas co uso das TICS no campo da música tratando de cubrir someramente catro campos básicos: a edición musical, a gravación do son e a creación, interpretación coa axuda de medios informáticos e adestramento teórico e auditivo. En relación con estes catro bloques trataremos de que os alumnos se acheguen a editores de partituras como *Finale* ou *Sibelius*, a programas de edición musical como *Sound Forge*, a algún secuenciador como *Cubase* e a programas de adestramento musical como *Lenmux* ou *Ear-training*.

Os contidos relacionados coas TICS serán desenvolvidos preferentemente en 4º da ESO e 1º de bacharelato, sen perxuício de que se poida amosar aos alumnos de 2º e 3º da ESO un acercamento ao uso das novas tecnoloxías musicais.

Dentro do proxecto de aulas virtuais do IES, o seminario de música seguirá tratando de desenvolver un curso online dirixido a 3º da ESO, puidéndose estender nun futuro a outros cursos.

## **CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.**

Os profesores da materia cubrirán ao final de curso o seguinte cuestionario encamiñado a avaliar a propia programación proposta. Cada aspecto será cualificado de 1 a 10 segundo o grado de adecuación que se considere:

1. A programación adecúase á lexislación vixente:
2. A secuenciación contemplada na mesma é axeitada:
3. Cobre todos os aspectos curriculares da materia:
4. É suficientemente variada:
5. É suficientemente flexible para dar cabida as aportacións de cada profesor individual:
6. É realista, pódese desenvolver na súa meirande parte en condicións normais ao longo do curso:
7. É coñecida por o alumnado:
8. É útil para elaborar as programacións de aula:

Ao finalizar cada curso o grupo de profesores da materia avaliará mesmo os seguintes aspectos:

1. Grao de desenvolvemento desta programación nos diferentes grupos.
2. Principais dificultades atopadas na súa aplicación.

3. Grao de satisfacción cos libros de texto utilizados.
4. Outros materiais pedagóxicos empregados e grao de satisfacción cos mesmos.
5. Necesidade ou non de facer modificacións da programación no vindeiro curso.

Os resultados desta avaliación quedarán reflectidos na memoria anual elaborada no mes de setembro.

O Xefe de Departamento

Jesús Fernández Llaneza

Perillo, 25 de outubro de 2020

## ANEXO I

### PROTOCOLO DE USO DA AULA DE MÚSICA DURANTE A DURACIÓN DA PANDEMIA.

Aula circular de dous andares, cunha superficie de 50 m<sup>2</sup> cada un deles. No primeiro andar están todos os instrumentos orff e outros para o desenvolvemento das clases prácticas, no andar superior desenvólvense as clases teóricas.

Cara a darlle cumprimento á normativa de prevención e contención da pandemia, establécese o seguinte protocolo:

- Na entrada a clase, os alumnos esperarán no corredor, e non na pasarela, ata que o profesor lles indique que poden pasar.
- Como no resto das aulas, os alumnos desinfectarán as súas mans con hidroalcohol e mesmo desinfectarán os seus postos de traballo dentro da aula.
- O aforo máximo para ás clases teóricas é de 20 alumnos, cumprindo a distancia mínima de seguridade de 1,5 metros.
- Os grupos que teñan máis de 20 alumnos desenvolverán as súas sesións teóricas na súa aula ordinaria.
- O aforo máximo para ás clases prácticas de de 15 alumnos, xa que o número, o tamaño e a colocación dos instrumentos imposibilitan que, cumprindo a distancia de seguridade, poidan estar tocando máis.
- Nas clases prácticas a metade do grupo baixará a tocar e a outra metade quedará no andar superior facendo exercicios ou tarefas previamente explicadas. Os dous subgrupos aquendaranse para que todo o alumnado poida desenvolver a parte práctica.
- Os alumnos que baixen a tocar os instrumentos desinfectarán con hidroalcohol as súas mans e desinfectarán tamén as baquetas que vaian a utilizar; queda prohibido o contacto físico cos instrumentos, salvo o imprescindible coas baquetas, e por este motivo non se empregarán en ningún caso instrumentos idiófónos que impliquen para o seu manexo o contacto directo co instrumento.
- Cara a lograr unha óptima ventilación, as fiestras da aula permanecerán abertas durante todo o tempo que dure a sesión; tamén permanecerá aberta a porta de entrada pola pasarela; a porta do primeiro andar permanecerá aberta so maior tempo posible, pero haberá que cerrala en caso climatoloxía adversa, como vento forte ou chuvia.
- Os alumnos non compartirán obxectos persoais e ocuparán, de xeito habitual, os mesmos lugares na aula.
- O uso de mascarilla é obrigatorio en todo momento
- Non serán desenvolvidas actividades que impliquen contacto físico entre o alumnado ou o uso da voz cantada.